



## ADMINISTRACIÓN LOCAL MUNICIPAL A LARACHA

*Bases do concurso de panxoliñas "María Anxeriz Tuset". Nadal 2024*

### PRIMEIRA – Obxecto

É obxecto deste concurso estimular ás asociacións e coros do municipio fomentando o espírito propio do Nadal con pezas propias destas datas.

### SEGUNDA – Participantes

Poderán participar todas as asociacións e coros de calquera das parroquias que compoñen o termo municipal.

No caso de non ser unha asociación é obrigatorio nomear un representante legal, que será quen reciba o importe económico do premio.

### TERCEIRA – Inscripción

Os colectivos participantes poderán facer a inscrición de maneira telemática no enlace <https://forms.gle/tdF2FTe62uz1yvb6> (QR) que estará dispoñible na páxina web [www.alaracha.gal](http://www.alaracha.gal).

Se é o primeiro ano que se presenta ao concurso, ou se o número de conta cambiou respecto aos anos anteriores, é necesario axuntar no formulario o certificado de titularidade de conta bancaria.

Tamén se poderá formalizar a inscrición presencialmente no Concello.

### CUARTA – Prazo de inscrición

O prazo de presentación de solicitudes de participación comeza a partir do seguinte ao da publicación das bases da convocatoria no BOP e remata o xoves **26 de decembro do 2024**.

### QUINTA – Condicións de participación

Cada grupo participante actuará unha única vez.

A duración máxima de cada panxoliña será de 10 minutos e poden ser cantadas tanto en galego como en castelán.

Para participar é indispensable que os grupos teñan un mínimo de 5 compoñentes. Non poderán formar parte de máis dun grupo, coro ou asociación un máximo de dous compoñentes.

### SEXTA – Premios

Cada entidade participante recibirá unha gratificación económica de **200 €** polo mero feito de tomar parte no concurso.

Ademais establécense 4 categorías de premios:

<b>1ª categoría</b> .....	<b>400 €</b>
<b>2ª categoría</b> .....	<b>300 €</b>
<b>3ª categoría</b> .....	<b>250 €</b>
<b>4ª categoría</b> .....	<b>200 €</b>

### SÉTIMA – Xurado

O xurado, nomeado pola Concellería de Cultura, estará composto por cinco persoas, que poderán ser empregados municipais e representantes do tecido asociativo do municipio.

Deberán ter en conta para a súa valoración a calidade musical e a posta en escena de cada proposta.

A decisión do xurado será inapelable.

### OITAVA – Celebración do Concurso

O concurso celebrarase o **SÁBADO 28 de DECEMBRO** de 2024 ás 18:00 horas na Casa da Cultura da Laracha.

**NOVENA – Aceptación das bases**

A participación neste concurso supón a plena aceptación das presentes bases

A Laracha, 14 de novembro de 2024

O alcalde

José Manuel López Varela

2024/8173